

Museo das Peregrinacións e de Santiago: espazo didáctico para a docencia



MUSEO^{DAS}
PEREGRINACIÓN
S E DE SANTIAGO



ÍNDICE DE CONTIDOS



Breve historia do museo



O museo, a colección e os
seus temas



Programa didáctico

Visita o museo

Desde a aula



Información práctica



O MDPS é un **espazo didáctico** que quere poñer a disposición dos e das docentes todos os recursos dispoñibles para achegar os seus coñecementos ás aulas.

BREVE HISTORIA DO MUSEO

A mediados do século XIX aparecen as primeiras inqedanzas para a creación dun museo sobre a cidade de Santiago e o fenómeno da peregrinación. Pero non será ata **1951**, da man do arqueólogo **Manuel Chamoso Lamas**, cando se cree o **Museo de Santiago e das Peregrinacións**. Ese mesmo ano o Concello comeza as obras para habilitar o inmobile coñecido como **Casa Gótica** para tal fin.

Tras anos de reformas o museo abre cunha exposición inaugural en **1965**, pero volve pechar ata a celebración do Ano Santo de **1976**, cunha exposición que pretende ser un ensaio da definitiva. Finalmente, en 1995 a xestión pasa á Xunta de Galicia, abrindo as súas portas de forma definitiva en **1996**.

Non obstante, a falta de espazo na sede histórica da Casa Gótica levou ás administracións a buscar un novo edificio. O Consorcio de Santiago cedeu o antigo edificio do **Banco de España**, na Praza das Praterías, e asumiu a remodelación para ser a nova sede do Museo. En **2015**, tras unha obra de 4 anos (2009-2012) e baixo a dirección do arquitecto Manuel **Gallego Jorreto**, abre o actual do **Museo das Peregrinacións e de Santiago**.



O MUSEO, A COLECCIÓN E OS SEUS TEMAS

A colección é variada en **cronoloxía** (desde época castrexa ata a actualidade) e en **tipoloxía**:

- Pintura
- Escultura
- Debuxo e estampa
- Arqueoloxía
- Etnografía
- Artes suntuarias
- Fotografía



Está organizada arredor de **tres temas** principais:

- A peregrinación como fenómeno universal
- A peregrinación e o Camiño de Santiago
- A cidade de Santiago de Compostela



E o propio museo da pé a **infinidade de temas** máis. Aquí algúns exemplos...

- Os museos: que son, quen traballa, como se organizan
- Nacemento e creación do Museo das Peregrinacións
- A arquitectura e o museo
- O que se vos ocorra! **Contactade** co Museo e tentaremos axudarvos a desenvolver as vosas ideas



PROGRAMA DIDÁCTICO

O MDPS quere ser un espazo didáctico e achegarse ao alumnado e a docencia de todas as formas posibles. Por iso, ofrecemos varias maneiras para ser un **recurso didáctico** de proveito.

O MDPS como espazo didáctico

1

VISITA O MUSEO

Visita guiada

Visita libre



2

DESDE A AULA

Visita virtual

Textos de sala

App móbil



VISITA O MUSEO

VISITA LIBRE

- Pensada para que unha aula entre de **forma libre** no museo
- Salas, colección, espazo e recursos a disposición do/da docente, baixo as **normas de uso e conduta habituais**

Queres vir pero non sabes como enfocar a visita? **Contacta con nós!**

VISITA GUIADA

- Baixo o nome de **Visitas Contadas**, o museo ofrece un percorrido guiado polo museo **adaptado a cada grupo de idade**
- Contaranse as historias das pezas principais e tamén lendas, anécdotas e curiosidades sobre elas
- Duración aproximada de **1 h e 15 min.**



Entrada e inscricións **gratuítas**
Necesaria **reserva previa** en ambos casos

Queres vir ao museo pero non sabes que visita é mellor?
Queres facer un proxecto específico no teu centro?
Contacta co equipo do museo e botarémoste unha man!

2 DESDE A AULA

Se non existe a posibilidade de vir ao museo, pero queredes achegarvos aos contidos e colección do MDPS aquí mostramos unha serie de recursos dispoñibles

VISITA VIRTUAL

Dispoñible na **páxina web** do Museo. Un recurso útil para:

- Ver un museo por dentro e como se colocan as pezas
- Achegarse a unha ou varias obras de forma rápida
- Ver a arquitectura do museo desde o interior



TEXTOS DE SALA

Na nosa web pódense encontrar os textos de sala en **7 idiomas** (galego, castelán, inglés, alemán, portugués, italiano e francés). Poden utilizarse para:

- Preparar unha visita con antelación
- Consultar información breve e concisa sobre os temas do museo
- Como material didáctico e fonte fiable de información
- Practicar linguaxes e léxicos específicos en 7 idiomas



APP MÓBIL

O museo conta cunha app móbil que funciona de audioguía

Contén as narracións dos espazos e pezas principais
Dispoñible en **galego, castelán e inglés** e en **LSE**



INFORMACIÓN PRÁCTICA

CONDICIÓNS XERAIS DE ACCESO EN GRUPO

- **Mínimo** de persoas por grupo: **15** (en caso de grupos máis pequenos, consultar dispoñibilidade)
- Entrada **gratuíta** e reserva de visita **sen custo adicional**
- O grupo non poderá superar as **25 persoas**, se é así deberá dividirse en grupos máis pequenos. Un máximo de **3 grupos á vez por quenda**

RESERVA DAS VISITAS EN GRUPO

- É imprescindible a **reserva previa** de día e hora a través dalgunha das seguintes canles:
 - Formulario web
 - No correo electrónico reservas.mdperegrinacions@xunta.gal
 - No teléfono 881 867 322, en horario de mañá de 9.00 a 14.00 h.
- O envío da solicitude non implica a reserva da visita; está será confirmada polo equipo do museo a través da canle de solicitude.
- As visitas en grupo poderán reservarse para calquera hora dentro do horario de apertura do museo, sendo a última hora de entrada 1h e media antes do horario de peche.

CONTACTO

Departamento de Difusión e Comunicación

- difusion.mdperegrinacions@xunta.gal
- 881 867 322



Búscanos en rede e está ao día das novidades!

